



BOP

SÁBADO, 28 DE NOVIEMBRE DE 2020

N.º 274

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO. AUGAS DE GALICIA

Anuncio

Luís Enrique Pinheiro Da Silva solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.70756

As obras solicitadas consisten na construción dun muro de contención de terras no predio con referencia catastral 4514011PJ3341S; na zona de policía do río Alemparte; no lugar de Alemparte, na parroquia de San Pedro de Cangas, no concello de Foz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 20 de novembro de 2020.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2963

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Aprobada provisionalmente polo Pleno deste Concello a modificación da ordenanza fiscal reguladora da TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE BECERREÁ, o referido acordo de modificación e a respectiva ordenanza expóñense ó público polo prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas, que deberán ser dirxidas ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación.

Becerreá, 20 de novembro de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2965

BEGONTE

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión ordinaria de data 20 de novembro de 2020, o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES), de conformidade co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información pública e Bo Goberno e normativa autonómica contida na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, faise público para coñecemento xeral.

Begonte, 23 de Novembro de 2020.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2966